

PREGUNTA DE AER SOBRE ALTERNATIVAS FESTIVAS NO MARTES DE ENTROIDO ANTE INCLEMENCIAS METEOROLÓXICAS (Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-9)

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

Neste pasado entroido, un dos días grandes como é o Martes de Entroido, aconteceu que polas inclemencias climatolóxicas todas as actividades programadas foron canceladas. Con este feito, o goberno local demostrou que non é quen de establecer unha alternativa nun dos festexos máis importantes en Redondela. A pesar de que o goberno local e algún grupo da oposición non apoian que o martes de entroido sexa festivo local, a realidade é que a veciñanza todos os anos celebra o martes de entroido disfrazándose, indo de comidas, levando a celebración ás rúas e en definitiva, desfrutando da festa. E o fai aínda que chova.

Así pois preguntámonos,

Por que o Concello non habilitou carpas para as actividades ou mesmo contemplou a posibilidade de trasladalas a un dos pavillóns municipais para que a veciñanza puidera desfrutar nun espazo no que resgardarse da choiva?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que os martes de carnaval é onde a xente de forma libre se reúne, comen xuntos, desfrutan do entroido de forma libre, as actividades se pospuxeron, non se anuláron, saben que apostan por este tipo de festas.